



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Resolución do 10 de agosto de 2021 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación eléctrica no concello de Pedrafita do Cebreiro. (Expediente IN407A 2021-53AT)

Visto o expediente para outorgamento da autorización administrativa previa e de construción para a instalación eléctrica que a continuación se describe:

- Solicitante: Unión Fenosa Distribución S.A.
- Domicilio Social: A Batundeira, 2. Velle. Ourense
- Denominación: "AMPLIACION DE POTENCIA DE CT 27AB27 FONFRIA Y RBT POLÍGONO 2, PARCELA 12 - LUGAR DE FONFRIA (PEDRFITA DO CEBREIRO)"
- Situación: Concello de Pedrafita do Cebreiro
- Visado: No.
- Características Técnicas:
 - Substitución do transformador existente (50 KVA) no CT 27AB27 Fonfria por outro de 100KVA e relación de transformación de 20.000/400-230V.
- Finalidad de la instalación: Aumento de potencia.
- Presupuesto: 6.569,48 €
- Documentación complementaria:
 - Separata para o Concello de Pedrafita do Cebreiro.
 - Separata para a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
 - Separata para a Dirección Xeral de Patrimonio Natural
 - Separata para a Consellería de Infraestructuras e Mobilidade (AXI).

Esta xefatura territorial, de acordo cas competencias que resultan do Decreto 230/2020, de 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, y tendo en conta o Decreto 9/2017, de 12 de xaneiro, sobre órganos competentes para autorización de instalacións eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, **resolve:**

En relación coa instalación de alta tensión, **conceder a autorización administrativa previa e de construción** a ditas instalacións sen prexuízo de terceiros e con independencia das autorizacións que sexan necesarias para a execución da obra por parte doutros órganos da Administración, condicionado ao cumprimento das seguintes condicións:

Primeira: As instalacións deberán axustarse na súa execución ao disposto no citado proxecto de execución, debendo realizarse a Dirección de Obra por técnico competente.

Segunda: O peticionario asegurará o mantemento e vixilancia correcta das instalacións durante a construción e despois da súa posta en servizo, co fin de garantir que en todo momento se manterán as condicións regulamentarias de seguridade.

Terceira: En todo momento deberán cumprirse as normativas e directrices vixentes que sexan de aplicación, en particular, canto establece a lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico, o Real Decreto 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas da alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias, o Real Decreto 337/2014, de 9 de

maio, polo que se aproban o regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias.

O prazo de posta en marcha das instalacións que se autorizan será de doce meses, contados a partir da data da última autorización administrativa necesaria para a súa execución.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o vicepresidente primeiro e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación no prazo dun mes, a partir do día seguinte o da notificación ou publicación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Lugo, 10 de agosto de 2021.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

R. 2568

CONCELLOS

CASTROVERDE

Anuncio

NOMEAMENTO DE FUNCIONARIA DE CARREIRA

Pola Alcaldía con data do 30 de agosto de 2021 ditouse a seguinte Resolución:

EXPEDIENTE NÚM.: 91/2021.

PRIMEIRO.- Nomear a dona Elvira de Dios Pérez, con D.N.I. num. ***442***, para ocupar a praza de Administrativa/o, encadrada na escala de Administración xeral, subescala administrativa, grupo "C", subgrupo "C1"

SEGUNDO. Notificar a presente resolución á aspirante nomeada, comunicándolle que deberá tomar posesión no prazo dun mes contado desde o día seguinte a aquel en que se lle notifique o nomeamento.

O que se fai público conforme as bases do proceso selectivo e da lexislación de función pública vixente.

Castroverde, 30 de agosto de 2021.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2569

O CORGO

Anuncio

Ao quedar definitivamente aprobada polo Pleno deste Concello a **relación de postos de traballo** municipal para o exercicio **2021**, segundo acordo adoptado en sesión celebrada o 15 de xullo de dous mil vinte e un, de acordo co preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e polo artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, reproducése a continuación:

RELACION DE POSTOS DE TRABAJO

1) HABILITACIÓN NACIONAL

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	SE MENSUAL €	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA DO HABILITADO ESTATAL QUE OCUPA O POSTO	FUNCIONS	SITUACIÓN
Secretario-interventor e Letrado Concello	Funcionario	1	28	2.462,39	Singular	Concurso de traslado entre habilitados de carácter nacional	A1	Habilitado carácter nacional/ Secretaría-Intervención-Tesourería	Licenciado en Dereito	As establecidas/ no RD 128/2018, de 16.03. Asesoría xurídica, representación e defensa en xuízo.	Ocupado Destino definitivo Forma de provisión entre funcionarios de habilitación carácter nacional da subescala

1.2) ADMINISTRACIÓN XERAL**1.2.a) ÁREA DE SERVIZOS XERAIS**

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	CE MENSUAL €	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Xefe de sección	Funcionario	1	22	782,00	Normal	Concurso oposición/ Promoción interna	C1	Administración xeral / Administrativa	Bacharelato, FP de 2º grado o equivalente	art. 169.1 c) RD lexislativo 781/86 de 18.04	Ocupado Destino definitivo
Auxiliar administrativo posto base	Funcionario	1	18	691,76	Normal	Oposición/concurso oposición	C2	Administración Xeral / Auxiliar	Graduado escolar, FP de 1º grado o equivalente	art. 169.1 d) RD lexislativo 781/86 de 18.04	Vacante: Desempeñado por funcionario o interino
Auxiliar administrativo posto base	Funcionario	1	16	692,06	Normal	Oposición/concurso oposición	C2	Administración Xeral / Auxiliar	Graduado escolar, FP de 1º grado o equivalente	art. 169.1 d) RD lexislativo 781/86 de 18.04	Ocupado Destino definitivo
Auxiliar administrativo posto base / Secretaría xulgado	Laboral fixo Asimilado	1	16	383,19	Normal	Oposición/concurso oposición	Asimilado a C2	Administración Xeral / Auxiliar	Graduado escolar, FP de 1º grado o equivalente	art. 169.1 d) RD lexislativo 781/86 de 18.04 e a Secretaría do Xulgado	Ocupado Destino definitivo

1.2.b) ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	CE MENSUAL	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Posto contable	Funcionario	1	20	742,97	Normal	Oposición	C1	Administración Xeral / Administrativa	Bacharelato, FP de 2º grado o equivalente	art. 169.1 c) RD lexislativo 781/86 de 18.04. Contabilidade municipal e xestión orzamentaria	Vacante

1.3) ADMINISTRACIÓN ESPECIAL**1.3.a) SUBESCALA TÉCNICA**

DENOMINACIÓN POSTO	ADICIÓN	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	CE MENSUAL	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Posto Arquitecto técnico	Tempo parcial 22 horas e 30 minutos semanais	Funcionario de carreira	1	24	354,62	Normal	Oposición	A2	Administración especial/ Subescala Técnica	Arquitecto técnico / Aparellador/ Grao en edificación civil	Urbanismo (disciplina, informes, valoración)	Ocupado

1.3.b) SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS**1.3.b.1) SERVIZOS MÚLTIPLES**

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	GRUPO PROFESIONAL	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Operario de servizos múltiples	Laboral fixo	1	Operario servizos múltiples	Normal	Oposición ou concurso-oposición	8	Administración especial/ Subescala de Servizos especiais	Certificado de escolaridade	Atención ás infraestruturas e equipamentos municipais para o seu mantemento, conservación e reparación. Vixilancia, control, mantemento e reparación da rede de subministración de auga domiciliaria tódolos días da semana, fóra da xornada de traballo,	Ocupado Destino definitivo

1.3.b.2) SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	GRUPO PROFESIONAL SEGÚN CONVENIO SECTOR AXUDA A DOMICILIO	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	CATEGORÍA PROFESIONAL SEGÚN CONVENIO COLECTIVO SECTOR AXUDA A DOMICILIO CÓDIGO 82000675011900	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Traballador social *	Laboral	1	A	Normal	Oposición /concurso oposición	1	Traballador social *	Diplomatura en Traballo social ou Grao en Traballo social	As establecidas no D 99/2012 de 16.03 polo que se regulan os SSSS e o seu financiamento.	Contrato laboral temporal. Posto ocupado dende o 24/02/1997 (nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2016)
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 1	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar*	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Contrato laboral temporal. Posto ocupado dende o 15/12/1991 (nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2016)
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 2	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar*	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Contrato laboral temporal. Posto ocupado dende 02/04/2001 (nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2016)
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 3	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar*	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral fixo
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 4	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar*	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral Fixo
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 5	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar*	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral Fixo

Auxiliar de axuda no fogar * Nº 6	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar *	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral Fixo
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 7	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	Auxiliar de axuda no fogar *	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral Fixo
Auxiliar de axuda no fogar * Nº 8	Laboral	1	C	Normal	Oposición /concurso oposición	10	-- Auxiliar de axuda no fogar *	FP de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente (RD 496/2003 do 2 de maio), certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (RD 1379/2008, do 1 de agosto)	Programa de Axuda no Fogar	Persoal Laboral Fixo

* Contratación prevista ao abeiro do artigo 41 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Contratación temporal cofinanciada pola Consellería de Política Social.

1.3.b.3) XESTION DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (P.A.I.)

DENOMINACION POSTO	RÉXIME XURIDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADEMICA	FUNCIONS	SITUACIÓN
Encargada/personal de atención	Laboral	1	--	Normal	Oposición/concurso oposición	2	--	Licenciado/a en pedagogía ou psicopedagogía Mestre especialista en educación infantil ou equivalente. Técnico superior en educación infantil ou equivalente.	Xestión do PAI (persoal de atención/encargada), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal
Persoal de apoio	Laboral	2	--	Normal	Oposición/concurso oposición	3	--	Técnico en atención socio-sanitaria. Técnico superior en animación sociocultural. Técnico en cuidados auxiliares de enfermaría. Diplomado/a en puericultura ou equivalente.	Xestión do PAI (persoal de apoio), segundo regulamento interno	Contrato laboral temporal

1.3.b.4) SERVICIOS DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL

DENOMINACION POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN SEGURIDAD SOCIAL	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Axente de emprego *	Laboral	1	--	Normal	Oposición/concurso oposición	2	--	Primeiro ou segundo ciclo universitario: Licenciado, Diplomado ou Graduado universitario	As establecidas na Orde do 4 de outubro do 2013	Contrato laboral temporal dende o 16/12/2003 (nos 3 anos anteriores ao 31 de decembro de 2016)

* Contratación temporal cofinanciada pola Consellería de Emprego e Igualdade.

1.3.b.5) SERVICIO DE INFORMACIÓN XUVENIL

DENOMINACION POSTO	ADICACIÓN	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO COTIZACIÓN	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Informador xuvenil *	Tempo parcial (6 horas diarias)	Laboral	1	--	Normal	Oposición/concurso oposición	2	--	Primeiro ou segundo ciclo universitario: Licenciado, Graduado ou Diplomado universitario	Encargado do telecentro municipal e informadora xuvenil	Contrato laboral temporal. Ocupado dende o 01/11/2006 . Dotado orzamentariamente e ocupada temporalmente antes do 1 de xaneiro de 2005

1.3.b.6) SERVICIO DE DEPORTES

DENOMINACION POSTO	ADICACIÓN	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Encargado instalacións e edificios municipais.	Xornada completa	Laboral	1	--	Normal	Concurso/Oposición/concurso oposición	10	--	Certificado de escolaridade	Encargado das instalacións deportivas municipais e do súa conservación e mantemento Notificador	Contrato laboral temporal. Ocupada por laboral temporal dende o 01/07/2008 . Dotada orzamentariamente e ocupada temporalmente antes do 1 de xaneiro de 2005

1.3.b.7) SERVICIO DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS**1.3.b.7.a) MOTOBOMBA**

DENOMINACION POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓN	SITUACIÓN
Conductor	Laboral temporal	1	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios/carné conducir tipo B	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*
Conductor	Laboral Temporal	1	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios/carné conducir tipo B	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*
Conductor	Laboral temporal	1	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios/carné conducir tipo B	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*

* Contratación temporal (3 meses) cofinanciada pola Consellería do Medio Rural.

1.3.b.7.b) BRIGADAS

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PROVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Xefe de brigada	Laboral temporal	1	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente/carné conducir tipo B	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*
Peón-condutor	Laboral Temporal	1	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios/ carné conducir tipo B	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*
Peón	Laboral temporal	3	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios	Prevención e defensa contra incendios forestais	Contrato laboral temporal*

* Contratación temporal (3 meses) cofinanciada pola Consellería do Medio Rural.

1.3.b.7.c) DESBROZADORES E MANTEMENTO PREVENTIVO DE PISTAS

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PREVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Oficial 2ª	Laboral temporal	2	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios/ carné conducir tipo B	Prevención de incendios forestais mediante tratamentos preventivos en vías e camiños municipais (labores de desbroce para seguridade viaria)	Contrato laboral temporal*
Peón	Laboral temporal	2	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios	Prevención de incendios forestais mediante tratamentos preventivos en vías e camiños municipais (labores de desbroce para seguridade viaria)	Contrato laboral temporal*

* Contratación temporal cofinanciada pola Consellería do Medio Rural.

1.3.b.8) SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS

DENOMINACIÓN POSTO	RÉXIME XURÍDICO	DOTACIÓN	CD	TIPO POSTO	FORMA PREVISIÓN	GRUPO	ESCALA/SUBESCALA	TITULACIÓN ACADÉMICA	FUNCIÓNS	SITUACIÓN
Peón	Laboral temporal	2	--	Normal	Concurso-oposición/oposición ou concurso	--	--	Estudios primarios	Atención ás infraestruturas e equipamentos municipais para o seu mantemento, conservación e reparación..	Contrato laboral temporal

No cadro de persoal e relación de postos de traballo non se contemplan outras posibles contratacións temporais que este Concello poida realizar ao abeiro dalgunha subvención do Estado, Xunta de Galicia, Deputación ou outro organismo público, ou ben por necesidades perentorias do servizo.

O Corgo, 30 de agosto de 2021.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 2570

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en sesión ordinaria do día 28.06.2021, aprobou provisionalmente o expediente de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa.

Posto que non se presentaron alegacións no prazo de exposición pública, de conformidade co que dispoñen os artigos 17.3 e 17.4 do Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, queda elevado a definitivo o acordo de modificación, e procédese a súa publicación:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO POR MESAS, CADEIRAS E ELEMENTOS AUXILIARES CON FINALIDADE LUCRATIVA

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Queda suspendida a aplicación da presente Ordenanza fiscal dende o 1 de xullo de 2021 e ata o día 31 de decembro de 2021.

A anterior modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Contra este acordo, de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola recollida, tratamento e eliminación de lixo poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monforte de Lemos, 27 de agosto de 2021.- O alcalde- presidente, José Tomé Roca.

R. 2572

MANCOMUNIDADE TERRA CHÁ

Anuncio

BASES PARA A PROVISIÓN DE 1 PRAZA DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE PEÓN FORESTAL FINANCIADO CO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL PARA O MANTENEMENTO DOS ESPAZOS NATURAIS DOS MUNICIPIOS DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA "TERRA CHÁ"- 2021.

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regular o proceso selectivo para cubrir como persoal laboral temporal mediante concurso-oposición, 1 praza de peón forestal para o mantemento dos espazos naturais dos municipios que conforman a Mancomunidade de municipios da "Terra Chá", ao abeiro da subvención "*ORDE do 30 de decembro de 2020 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2021, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia*"

2.- TEMPO, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓNS

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo de duración determinada a xornada completa.

A duración do contrato será ata o 31 de outubro de 2021, sendo esta data a de fin do servizo por estar vinculado á subvención tal e como consta na base 1.

As persoas que resulten seleccionadas estarán sometidas ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación do emprego público de Galicia.

As retribucións brutas mensuais son 1.166,67/peón forestal/mes

3.- REQUISITOS E CONDICIÓNES ESIXIDAS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

3.1: Requisitos xerais:

a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria, graduado escolar ou certificado de escolaridade.

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e os nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Incompatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

g) Coñecemento da lingua galega: De acordo ao establecido no artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008: Para darlle cumprimento á normalización do idioma galego na Administración Pública de Galicia e para garantir o dereito das administradas e dos administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da Comunidade Autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6º.3 da Lei de Normalización Lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, salvo para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme á normativa vixente.

Polo tanto, quen non acredite o coñecemento do galego mediante a aportación do CELGA, deberá superar unha proba tipo test sobre o coñecemento do idioma galego.

4.- FUNCIONES.

As funcións e tarefas a realizar serán as seguintes:

-As propias da categoría con incidencia especial no mantemento dos espazos naturais nos municipios que coforman a Mancomunidade de municipios da "Terra Chá".

5.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS E ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Concurso-oposición.

Garantizárase a publicidade da convocatoria así como o cumprimento dos principios de libre concorrência, mérito e capacidade.

As instancias solicitando formar parte no proceso selectivo dirixiranse ó sr. Presidente da Mancomunidade. Presentaranse no Rexistro Xeral da Mancomunidade con sede no Concello de Cospeito, debidamente cubertas segundo o anexo I, durante o prazo de 5 (cinco) días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia Lugo. Poderán así mesmo remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Se se opta pola presentación noutros rexistros, deberá remitirse por fax (982-520102) ó Concello de Cospeito (sede da Mancomunidade) unha copia da instancia o mesmo día de presentación no rexistro correspondente.

Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do interesado.
- Titulación académica.
- Relación de méritos que se alegan, xunto coa acreditación documental dos mesmos.
- Acreditación do coñecemento da lingua galega, de ser o caso.

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Presidencia da Mancomunidade aprobarase a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cospeito por ser sede da Mancomunidade e na Web da Mancomunidade: www.mancomunidadeterracha.com, outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios do Concello de Cospeito e na Web da Mancomunidade.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

1. O Tribunal cualificador estará constituído polo persoal que estableza ao efecto a Resolución de Presidencia que se dicte, debendo axustarse ao establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
2. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen. De tódalas reunións que celebre o tribunal, o/a secretario/a redactará a correspondente acta.
3. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concurran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, RXSP. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 do mesmo texto legal.
4. O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan subscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso en todo o que non estea previsto nas Bases.
5. O tribunal poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores especialistas cando as circunstancias ou a valoración dos méritos así o aconselle.
6. O tribunal no poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos convocados, aínda que co resto de participantes non seleccionados se establecerá unha lista de reserva para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse.
7. O tribunal cualificador adoptará as medidas necesarias para establecer as adaptacións e axustes razoables, tanto en tempos como en medios, no proceso selectivo para os aspirantes con discapacidade, cando así se indicase polo/a interesado/a na solicitude de participación no proceso de selección.
8. A Resolución que conteña a composición do tribunal e a data, hora e lugar da valoración dos méritos e da proba práctica, publicarase no tablón de edictos do Concello de Cospeito e na web da Mancomunidade.

A efectos de percepción de asistencias, rexerá o Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, de ser o caso.

7.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección é o de concurso-oposición.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento o tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou permiso de conducir.

A) FASE DE OPOSICIÓN: Puntuación máxima 10 puntos.

A fase de oposición consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1.º exercicio: Exame práctico que consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións propias do posto de traballo. O exercicio valorarase cun máximo de 10 (dez) puntos, sendo necesario un mínimo de 5 puntos para superalo.

B) FASE DE CONCURSO: puntuación máxima 5 puntos.

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 2,50 puntos.

a) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en administracións públicas: 0,30 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1,50 puntos.

b) Experiencia profesional en traballos como peón forestal en empresas públicas ou privadas do sector: 0,10 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia compulsada dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado.

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR: puntuación máxima 1,50 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

Duración igual ou superior a 50 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.

Duración igual ou superior a 150 horas, a razón de 0,50 puntos/curso.

Duración igual ou superior a 300 horas, a razón de 0,75 puntos/curso.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

3. COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: puntuación máxima 1 punto.

- Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,50 puntos.

Curso medio de linguaxe administrativa: 0,75 puntos.

Curso superior de linguaxe administrativa: 1 punto.

No caso de posuír máis dun curso dos enumerados, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

Os puntos obtidos na fase de concurso, sendo a puntuación máxima a otorgar nesta fase de 5 puntos, sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva para formación da listaxe de reserva.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida na 2.^a parte do exercicio da fase de oposición.

2. Puntuación obtida no apartado 1 da fase de concurso.

3. Puntuación obtida no apartado 2 da fase de concurso.

4. Puntuación obtida no apartado 3 da fase de concurso.

Debido á especificidade dos traballos a realizar, os componentes seleccionados terán unhas condicións axeitadas de saúde e aptitude física, que acreditarán, cun recoñecemento médico, realizado por unha empresa externa, sen que poidan ser contratados os candidatos que non obteñan o resultado de apto no dito recoñecemento.

8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN.

Finalizado o procedemento selectivo, e establecida polo Tribunal a orde de preferencia dos candidatos segundo a puntuación obtida no dito proceso e o resultado dos recoñecementos médicos efectuados, publicarase a listaxe das persoas seleccionadas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cospito e na web da Mancomunidade, non podendo declarar que foron seleccionados un número maior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, e o mesmo elevará a devandita relación á Presidencia que ditará resolución de contratación.

9.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E PERÍODO DE PROBA.

No tempo que medie entre a formalización do respectivo contrato e a incorporación do candidato ó posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada laboral na medida e forma requeridas polo interese do servizo, dacordo coa legislación aplicable, quedando sometidas a un período de proba, coa alcance previsto no texto refundido da lei do Estatuto dos traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

O contrato de traballo formalizarase có aspirante seleccionado, o cal deberá presentar a seguinte documentación no prazo de 2 días hábiles a contar desde a publicación do resultado da selección:

- Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme (Anexo II).

- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

- Declaración do número de conta bancaria (IBAN).

10.- LISTAXE DE RESERVA.

Ao remate do proceso selectivo, elaborárase unha listaxe de reserva coas persoas aspirantes presentadas ao dito proceso por orde de puntuación, que terá vixencia durante o período de contratación.

As persoas que formen parte desta listaxe poderán ser chamadas por rigoroso orde de puntuación para a cobertura do posto obxecto da convocatoria, polo motivo de renuncia da persoa seleccionada, impedimento para ser contratado e outras circunstancias análogas que se poidan producir.

11.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases serán de aplicación as seguintes disposicións:

Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia. Lei 39/2015, de 1 outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e Lei 40/2015, de 1 outubro, do réxime xurídico do sector público.

Presidente da mancomunidade de municipios da "Terra Chá". Armando Castosa Alvariño.

ANEXO I**MODELO DE INSTANCIA PRAZA DE PEÓN FORESTAL**

D./D^a. - _____,
Con DNI nº _____ e domicilio en - _____
_____, teléfono nº _____.

EXPÓN:

- 1.- Que enterado/a da convocatoria realizada pola Mancomunidade de municipios da "Terra Chá" para cubrir, mediante concurso-oposición, UNHA praza de PEÓN FORESTAL ata o 31 de outubro de 2021
- 2.- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria, que declara coñecer.
- 3.- Que xunta coa presente instancia a seguinte documentación:
 - Copia compulsada do DNI ou documento que proceda en caso de extranxeiros.
 - Copia compulsada da titulación académica correspondente.
 - Documentación acreditativa dos méritos alegados, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria. (Especificar a relación dos mesmos)
 - Acreditación do coñecemento do idioma galego, de ser o caso.

En base ao exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentada a presente solicitude xunto cos documentos que se acompañan e sexa admitido/a á realización das probas selectivas convocadas.

Cospeito, a ____ de _____ de 2021.

Asdo.: _____.

ANEXO II

D./dona _____,
con D.N.I. n.º _____ con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARA baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.
- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións por sentenza firme.

Cospeito, a ____ de _____ de 2021

Asdo.: _____

cospeito, 27 de agosto de 2021.- O Presidente, Armando Aastosa Alvaríño.

R. 2573

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. DIRECCIÓN TÉCNICA

Anuncio

ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE BÁRCENA Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DE LA PRESA DE FUENTE DEL AZUFRE PARA USUARIOS HIDROELÉCTRICOS. (LEÓN-LUGO-OURENSE). AÑO 2022.

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Bárcena y Tarifa de Utilización de la Presa de Fuente del Azufre para Usuarios Hidroeléctricos, (León-Lugo-Ourense). Año 2022", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores obtenidos en el Estudio son los siguientes:

- Aprovechamiento de pie de Presa de Bárcena:

Canon.....0,00426124300 €/Kwh.

- Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que no derivan de la Presa de Fuente del Azufre:

Canon.....0,00113032712 €/Kwh.

- Aprovechamientos de aguas abajo de la Presa de Bárcena que derivan de la Presa de Fuente del Azufre:

Canon.....0,00113032712 €/Kwh.

Tarifa0,00157089094 €/Kwh.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente a la fecha de la última de las publicaciones de este anuncio en los Boletines Oficiales de las Provincias de León, Lugo y Ourense, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en:

PONFERRADA. Poblado del Embalse de Bárcena, s/n

LUGO. Ronda de la Muralla, 131

OURENSE. Curros Enríquez, 4-2º

dónde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 20 de julio de 2021.- EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2574

Anuncio

ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO Y DE LA TARIFA DE UTILIZACIÓN DEL AGUA PARA EL REGADÍO DEL VALLE DE LEMOS. (LUGO). AÑO 2022.

INFORMACIÓN PÚBLICA

De conformidad con lo establecido en los artículos 302 y 309 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto y de la Tarifa de Utilización del Agua para el Regadío del Valle de Lemos, (Lugo). Año 2022", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

Los valores del canon y la tarifa obtenidos en el Estudio son los siguientes:

Canon de aplicación.-

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: 56,302956 €/Ha.

- Parcelas susceptibles de riego con uso: 123,438910 €/Ha.

Tarifa de aplicación.-

- Parcelas susceptibles de riego sin uso: 82,559771 €/Ha.
- Parcelas susceptibles de riego con uso: 122,098652 €/Ha.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 20 de julio de 2021.- EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2575

*Anuncio***ESTUDIO ECONÓMICO DE FIJACIÓN DEL CANON DE REGULACIÓN DEL EMBALSE DE VILASOUTO PARA USOS DE ABASTECIMIENTO DE AGUA A POBLACIONES. (LUGO). AÑO 2022.****INFORMACIÓN PÚBLICA**

De conformidad con lo establecido en el artículo 302 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico, aprobado por Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, se somete a información pública el "Estudio Económico de Fijación del Canon de Regulación del Embalse de Vilasouto para Usos de Abastecimiento de Agua a Poblaciones, (Lugo). Año 2022", redactado con participación de los representantes de los usuarios en la Junta de Explotación de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil.

El valor del Canon obtenido en el Estudio es el siguiente:

Canon..... 0,08167649311 €/m³.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de QUINCE (15) días, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que puedan formularse las reclamaciones que procedan durante el indicado plazo en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, sitas en Monforte de Lemos, C/ La Pinguela, s/n, donde estará de manifiesto el mencionado estudio para que pueda ser examinado por quien lo desee.

Ourense, 20 de julio de 2021.- EL DIRECTOR TÉCNICO DE LA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A., Manuel Ignacio Rodríguez Acebes.

R. 2576